

O SOÑO DO GUIEIRO

(Lembranzas de un vello galeguista)

FLORENCIO DELGADO GURRIARAN

Corria o ano 1920. Mozo de dazasete anos, vivia en Valladolid e pasaba os verans no meu povo natal, Corgomo de Valdeorras. Eu non sabia nada do galeguismo e, agás uns poucos poemas do rexo Curros e os "Airiños, airíños aires" de Rosalía, as miñas leituras de páxinas escritas na nosa língua eran nulas. Emporiso, e quizais como reacción ao medio en que pasei a millor parte da miña vida, nenez e primeira mocedade, sentía-me diferente, distinto das boas xentes (declaro esto con sinceridade) da vella Castela; era eu pois, algo así coma un Robinsón do galeguismo. Decateime con ledicia de que non estaba so, de que había moitos galegos (inda que non de abondo) que tiñan as miñas mesmas arelas e sentimentos, cando chegou ás miñas mans un exemplar de "A NOSA TERRA", Boletín das Irmandades da fala, coa data de decembro do ano 1920, exemplar, maltratado polas moitas lidas que lle dei, que gardo coma un tesouro. Perdín entón o meu robinsonismo (valla a palabra), suscribin-me ao para mim maravilloso "Boletín" portador da boa verba galega e gardo, case por criterio, todos os números publicados dende xaneiro do ano 1921 até xuño do tristeiro ano 1936. Mergulleime na leitura de aquelas páxinas que me traguian a boa nova galeguista, deleitei-me coa clásica beleza da saga "O cabaleiro do Sant Grial" e de outros poemas de Don Ramón Cabanillas (para mim, e polo de agora, o millor poeta galego deste século que xa anda nas encollas), coa sinxela ledicia dos versos de Amado Carballo (mestre meu e de moitos mais) e co austero creacionismo de Manoel Antonio, dous malogrados vates do noso Parnaso; coñecín os pensamentos e ideais dos Vilar Ponte, Risco, Viiqueira, Quintanilla, o inmenso e podente don Ramón Otero Pedrayo e tantos outros mais e, por cima de todo, soupen de Castelao, do seu pensar e do seu sentir, das suas viaxes, dos seus proxectos, das suas exposicións, do seu sobranceiro labor a prol da Causa galega, das suas lerias, cousas e dos seus dibuxos, nos que daba vida a toda unha filosófica fauna de burriños, cans e gatos e nos que expoña, con expresiva sobriedade e inegualabel humor, as arelas dos galegos e as interquinencias que aturaban. Cito de memoria algunos: Unha témera e grotesca figura, o centralismo, decía-lle a un cativo petrucio: "¿E ti quen és prá pedir xusticia?". Ao pe da figura de unha fermosa naicíña que aleitaba ao seu naipelo líase: "¿Coidades que é leite o que mama o neno? Non; ié sangue!" No número de xaneiro do ano 1922, aparecía un barudo labrego ou mariñeiro que perguntaba con esperanza: "¿Será este o Ano noso?". Nun café de vila (na emposta, coido, de unha viaxe do catalán Cambó por terras de Galiza) falaban dous señores (dos Bós e xenerosos, naturalmente, pois tamén os había): "¿E se logo din que os galegos lle

debemos a autonomía a Cataluña. "¡Pois daquela xa seríamos ceibes!" Nas orelas do Miño, un neno perguntába-lle ao seu abó: ¿E logo os da beira d'áló son más estranxeiros qu'os de Madrid? E non se soupo o que lle respondeu o vello.

Na emposta da xuntanza do Partido Galeguista, celebrada en Ourense en xaneiro do ano 1934, coñecín personalmente a Castelao. Comezaba a por-se de manifiesto a escisión entre esquerdas e direitas dentro do Partido. Castelao, folga deci-lo, o mesmo que a meirande parte dos que asistíamos a aquela xuntanza, estaba coas primeiras (millor dito, estaba, co Partido, que nunca foi extremista), mais a sua actuación chea de bon senso, era sempre conciliadora, cal compre entre bos irmans. Como unha amabel lembranza paréce-me que estou a escoitar o garimosamente humorístico comentario que fixo ao ver xuntos a Vicente Risco e a Victor Casas, dous pequeninos grandes homes. O Risco, de despexada e outa frente, que dí "por dentro anda xente", de acordo cō dibuxo en verso que lle fixera Cabanillas, o inquedo e xenial Risco, pasou a banda das direitas; o Victor Casas, resco e constante nos seus ideais, gardou-lle sempre fidelidade ao Partido e foi un dos seus primeiros Mártires.

Non moito tempo dispois de aquela xuntanza ia Castelao a Badajoz, e uns cantos galeguistas valdeorreses acompañamo-lo, dende Monforte até o Barco de Valdeorras, na sua viaxe do desterro. Castelao, entre outros temas, e para afastar da mente ainxusta viaxe, falou-nos de unha carta que lle inviara facia pouco tempo Teixeira de Pascoaes (o poeta lusitano cantor de Galiza no poema Maranos: Galiza, terra irmá de Portugal, que o mesmo oceano abraza longamente), na que o agrexio poeta da Saudade manifestaba-lle o seu amor e admiración polo galego, ponla vizosa da común fala do occidente da Península.

Ven a noxenta guerra en contra do povo español. Eu tiven a sorte de poder fuxir da zona rebelde, pasei via Pórtugal Francia, a Barcelona e n'aquela cidade atopeime cun baril grupo de galegos: Castelao, Suarez Picallo, Martínez López (de aquela axudante do Direitor xeral do Corpo de Carabineiros, Marcial Fernández, bon galego e bon galeguista, inda que non militaba no noso Partido) e moitos mais. Lonxe da terra, e afastados de ela por unha barreira de fogo e morte, compartiamos saudades, agarimabamos esperanzas e forxábamos plans para o porvir de Galiza. Eran portavoces do noso pensar e do noso sentir as publicacions "Nova Galiza" e "Nueva Galicia", patrocinada aquela polo Comisariado de Propaganda da Generalitat de Catalunya, xenerosa anfitriona, e a segunda polos galegos do Quinto Corpo do Exército republicano que mandaba o barudo Lister. Castelao era, para min, sen dúbida, a figura mais sobranceira dos galegos da España republicana, a que falou por eles e polos que vivian na escura gaiola nacionalista un pesadelo de camisas monocromas, escapularios e afusilamientos, nos admiraveis e impactantes dibuxos de "Galiza Mártir" e "Atila en Galiza" e nos discursos pronunciados no decorrer das suas viaxes polas Américas do Norde e do Sul, e a que, no seu derradeiro lar arxentino, plasmou nas páxinas de "Sempre en Galiza", sempre vivas nas nosas mentes, as dores, as arelas e as esperanzas de toda a xente galega.

A derradeira vez que convivin con Castelao foi na emposta de celebráren-se na acollidora e benquerida terra mexicana, as Cortes co exilio republicano

(durante as que, triste lembranza, algún diputado galego quixo porlle trabas a tramitación do noso Estatuto). Ouvin de aquela a garimosa verba do Guieiro, nun discurso que pronunciara no salón de actos de Hotel Majestic da cidade de Méjico durante un banquete de irmandade e tiven a inesquencibel satisfacción de agasalla-lo cun xantar no meu modesto departamento. Acompañaban-nos os benqueridos Suarez Picallo, Alonso Rios e Villaverde, tamén diputados da Galiza trasterrada e o meu entrañabel amigo Ramón Cabanillas, fillo do de aquela ainda vivo petrucio da nosa poesía; ese día coñeceron-se no meu cativo lar dous grandes artistas: Castelao e Asúnsulo, de aquela o millor escultor mexicano, dono da casa que eu tiña en renda e veciño meu.

Non foron moitos os meus contactos persoais con Castelao, mais eles, os seus deseños e os seus libros, deixaron en min unha fonda amosega de admiración, a que quisen expresar, pobramente sen dúbida, no meu poema "O Soño do Guieiro". Compúxeno nos comenzaos do ano 1975, vintecinco cabo de ano da morte do noso gran home, dateíno en Puerto Vallarta, ria de Nova Galiza e foi publicado no número 604 de "Galicia", revista do Centro Galego de Buenos Aires. Pretendín glosar n'este poema unhas deliciosamente optimistas páxinas que Castelao compuxera "Para lecer de Alexandre Bóveda", segundo nos di o seu autor do reproducí-los no libro primeiro, capítulo XXXII de "Sempre en Galiza". Transcribo somente parte do comenzao e do final do poema.

O SOÑO DO GUIEIRO

Daniel, que lonxe estamos do teu soño:
do pantrigo con mel e con manteiga,
pra a merenda dos louros picariños,
das "marelas", de enxebre pedigree,
vivas fontes de manteiga celme,
dos castiros a ingaren as encostas,
dos outeiros coroados de carballos,
das maceiras en fror e os limoeiros,
das adoas vermellas das cerdeiras,
dos liñares de azues salferidos,
das vizosas cortiñas e bacelos...
Toda a Terra, xardín, horto e cidade
contraponto do urbano e das xeórxicas,
fogar, celeiro, escola, adega, pazo,
obradoiros, teares... Limpa Industria,
áridente de atruxos e cantigas,
sen bruidos, sen fumes, sen fedores...
Prata e nacre, do peixe e do marisco,
recolleitos nos mares de Universo,
leite e mel, de arrecendo a cabrinfollo,
pan e carne e o sangue dos Ribeiros...
Lediza do traballo que arquece.

Ubeda Dinamarca da Fisterra,
a reter, os seus fillos,
na paz e na fartura.
¡Qué soño mais fermoso, Castelao,
qué soño mais fermoso e máis lonxano
e qué triste e noxenta realidade!

Emporiso Daniel, Guieiro noso,
a Galiza é máis forte que o malfado
e ha de ser, o teu soño, realidade.
Eis o Voto, que compre che fagamos
pra que, no alén, froreza
o teu sorris de Bon e Xeneroso.

Compre repetir que este poema foi composto nos comenzaos do ano 1975, ano que, de aquela, ainda non era Ano de Gracia.